

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

- 14021** *Orde HAP/2783/2015, do 21 de decembro, pola que se aproba o modelo 151 de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas para contribuíntes do réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español, así como o modelo 149 de comunicación para o exercicio da opción por tributar polo dito réxime, e se modifican a Orde HAP/1136/2014, do 30 de xuño, pola que se regulan determinadas cuestións relacionadas coas obrigas de información e dilixencia debida establecidas no acordo entre o Reino de España e os Estados Unidos de América para a mellora do cumprimento fiscal internacional e a aplicación da lei estadounidense de cumprimento tributario de contas estranxeiras, e se aproba a declaración informativa anual de contas financeiras de determinadas persoas estadounidenses, modelo 290, e outra normativa tributaria.*

O artigo 93 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio (en diante, Lei 35/2006), que regula o réxime fiscal especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español, foi obxecto de modificación pola Lei 26/2014, do 27 de novembro, pola que se modifican a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo, e outras normas tributarias (en diante, Lei 26/2014). A entrada en vigor da nova regulación prodúcese o 1 de xaneiro de 2015.

Conforme o citado artigo 93, as persoas físicas que adquiran a súa residencia fiscal en España como consecuencia do seu desprazamento a territorio español poderán optar por tributar polo imposto sobre a renda de non residentes, con certas regras especiais, mantendo a condición de contribuíntes polo imposto sobre a renda das persoas físicas, durante o período impositivo en que se efectúe o cambio de residencia e durante os cinco períodos impositivos seguintes, cando se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que non fosen residentes en España durante os dez períodos impositivos anteriores a aquel en que se produza o seu desprazamento a territorio español.
- b) Que o desprazamento a territorio español se produza como consecuencia dun contrato de traballo, con excepción da relación laboral especial dos deportistas profesionais regulada polo Real decreto 1006/1985, do 26 de xuño, ou como consecuencia da adquisición da condición de administrador dunha entidade en cuxo capital non participe ou, en caso contrario, cando a participación nela non determine a consideración de entidade vinculada.
- c) Que non obteña rendas que se cualificarían como obtidas mediante un establecemento permanente situado en territorio español.

A aplicación deste réxime especial implica a determinación da débeda tributaria consonte as normas establecidas no texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo (en diante, texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes), para as rendas obtidas sen mediación de establecemento permanente con determinadas especialidades.

Como aspectos máis innovadores respecto da normativa vixente con anterioridade, cómpre salientar, por unha parte, que a totalidade dos rendementos do traballo obtidos durante a aplicación do réxime especial se entenderán obtidos en territorio español e, por outra parte, que se gravarán acumuladamente as rendas obtidas en territorio español durante o ano natural, sen que sexa posible ningunha compensación entre aquelas, ben

que separando a base liquidable en dúas partes, unha delas integrada polas rendas a que se refire o artigo 25.1.f) do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, e a outra, polo resto de rendas. Para a determinación da cota íntegra, a cada unha destas partes de base liquidable aplicaráselle os tipos de gravame dunha escala distinta.

Para o período impositivo 2015, mediante a Lei 26/2014 aprobáronse unhas escalas específicas contidas na disposición adicional trixésimo primeira da Lei 35/2006, escalas que posteriormente foron obxecto de modificación polo Real decreto lei 9/2015, do 10 de xullo, de medidas urxentes para reducir a carga tributaria soportada polos contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras medidas de carácter económico.

O desenvolvemento regulamentario deste réxime especial encóntrase nos artigos 113 a 120 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo (en diante, Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas), na redacción dada polo Real decreto 633/2015, do 10 de xullo, polo que se modifican o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, e o Regulamento do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto 1776/2004, do 30 de xullo.

O exercicio da opción de tributar por este réxime especial, tal como dispón o artigo 116.1 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, deberán realizalo os contribuíntes mediante unha comunicación dirixida á Administración tributaria. Así mesmo, conforme o artigo 114.4 do citado regulamento, os contribuíntes a que resulte de aplicación este réxime estarán obrigados a presentar e subscribir a declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas nun modelo especial.

Mediante a presente orde apróbase un novo modelo 149 de comunicación da opción, da renuncia e da exclusión, así como da finalización do desprazamento a territorio español para os efectos do previsto no artigo 114.2.a) do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas. Igualmente, apróbase un novo modelo especial de declaración do imposto, modelo 151, adaptado ao contido do réxime na súa versión vixente desde o 1 de xaneiro de 2015.

Non obstante, tamén hai que ter en conta o previsto na disposición transitoria décimo sétima da Lei 35/2006, na redacción dada pola Lei 26/2014, segundo a cal os contribuíntes que se desprazasen a territorio español con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015 poderán optar por aplicar o réxime especial previsto no artigo 93 da dita lei conforme o disposto no citado artigo e, de ser o caso, na disposición transitoria décimo sétima, na súa redacción en vigor en 31 de decembro de 2014, aplicando os tipos de gravame previstos na normativa do imposto sobre a renda de non residentes en vigor nesta última data. Esta opción deberase realizar na declaración do imposto correspondente ao exercicio 2015 e manterase ata a finalización da aplicación do réxime especial.

Para manifestar a opción citada no parágrafo anterior bastará con que os contribuíntes presenten a súa declaración do imposto correspondente ao exercicio 2015 utilizando o modelo 150 en lugar do novo modelo 151 que se aproba mediante a presente orde. Por tanto, para un mesmo período impositivo, van coexistir dous modelos de declaración distintos, o modelo 151, para autoliquidar o imposto conforme a redacción da normativa vixente desde o 1 de xaneiro de 2015, e o modelo 150, que utilizarán os contribuíntes que optasen por manter a aplicación do réxime conforme a redacción da normativa vixente en 31 de decembro de 2014 ata a súa finalización.

O artigo 93.1 da Lei 35/2006 dispón que o ministro de Facenda e Administracións Públicas establecerá o procedemento para o exercicio da opción polo réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español.

Por último, cabe indicar que con data do 1 de xullo de 2014 foi obxecto de publicación no «Boletín Oficial del Estado» o Acordo entre o Reino de España e os Estados Unidos de América para a mellora do cumprimento fiscal internacional e a implementación da *Foreign Account Tax Compliance Act-FATCA* (Lei de cumprimento tributario de contas estranxeiras), feito en Madrid o 14 de maio de 2013 e aprobado polas Cortes Xerais (en diante, o Acordo), que ten por obxecto avanzar na loita contra a fraude fiscal internacional, así como servir

de marco normativo aplicable para facilitar que as institucións financeiras españolas cumpran coas obrigacións derivadas da Lei de cumprimento voluntario de contas estranxeiras, que establecía un sistema de intercambio automático de información con fins tributarios no ámbito da asistencia mutua entre ambos os Estados.

O citado Acordo entre o Reino de España e os Estados Unidos de América é de aplicación progresiva, e mediante el amplíase a información que as institucións financeiras están obrigadas a subministrar acerca das contas estadounidenses suxeitas a comunicación de información en relación co ano 2015 e 2016 e seguintes. Por iso, cómpre modificar o modelo 290, de declaración informativa anual de contas financeiras de determinadas persoas estadounidenses, co obxecto de engadir ao seu anexo a información que se deberá subministrar por primeira vez con respecto aos anos 2015 e 2016 e posteriores.

Conforme establece o artigo 119 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, a opción pola aplicación do réxime especial do artigo 93 da Lei 35/2006 exercerase mediante unha comunicación á Administración tributaria, a través do modelo que aprobe o ministro de Facenda e Administracións Públicas, quen establecerá a forma e o lugar da súa presentación. Así mesmo, segundo se establece nos artigos 117, 118 e 19.3 dese mesmo regulamento, os contribuíntes deberán comunicar á Administración tributaria, mediante ese mesmo modelo de comunicación, a renuncia ou a exclusión do réxime, así como a fin do desprazamento para efectos do disposto no artigo 114.2.a) do citado regulamento.

O artigo 114.4 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas determina que os contribuíntes a que resulte de aplicación este réxime especial estarán obrigados a presentar e subscribir declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas, no modelo especial que aprobe o ministro de Economía e Facenda, o cal establecerá a forma, o lugar e os prazos da súa presentación, e cuxo contido se axustará aos modelos de declaración previstos para o imposto sobre a renda de non residentes. Igualmente, dispón que, no momento de presentar a súa declaración, deberán determinar a débeda tributaria correspondente e ingresala no lugar, na forma e nos prazos que determine o ministro de Economía e Facenda.

Por outra parte, o artigo 37 bis do Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, establece que, conforme o disposto nos artigos 1.2 e 29 bis da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e 30.2 do citado regulamento, as institucións financeiras estarán obrigadas a presentar unha declaración informativa sobre contas financeiras abertas naquelas cando concorran as circunstancias especificadas na normativa sobre asistencia mutua que, en cada caso, resulte de aplicación. Igualmente, dispón que mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas se aprobará o correspondente modelo de declaración.

As habilitacións ao ministro de Economía e Facenda anteriormente citadas débense entender conferidas na actualidade ao ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co disposto no artigo 5 e na disposición derradeira segunda do Real decreto 1823/2011, do 21 de decembro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Aprobación do modelo 151 de «Declaración do imposto sobre a renda das persoas. Réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español».*

Apróbanse o modelo de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas do réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español, vixente desde o 1 de xaneiro de 2015, e o documento de ingreso ou devolución, consistentes en:

a) Modelo 151 «Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas. Réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español», que figura no anexo I da presente orde.

b) Documento de ingreso ou devolución da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas do réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español, que figura no anexo I da presente orde. O número de xustificante que deberá aparecer neste documento será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos se corresponderán co código 151.

Artigo 2. Obrigados a presentar o modelo 151 de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas do réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español.

De acordo co disposto no artigo 114 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo (en diante, Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas), os contribuíntes do citado imposto a que resulte de aplicación o réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español vixente desde o 1 de xaneiro de 2015 estarán obrigados a presentar e subscribir o modelo de declaración aprobado no artigo 1 desta orde.

Artigo 3. Prazo e formas de presentación do modelo 151 de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas do réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español.

1. O prazo de presentación das declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas do réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español vixente desde o 1 de xaneiro de 2015 será o mesmo que se aprobe cada exercicio, con carácter xeral, para as declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas, sen prexuízo do prazo especificamente establecido no artigo 4.2 desta orde para a domiciliación bancaria do pagamento das débedas tributarias resultantes das declaracións.

2. O modelo 151 de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas do réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español, vixente desde o 1 de xaneiro de 2015, así como o correspondente documento de ingreso ou devolución, presentaranse de forma electrónica a través da internet, de acordo co previsto na letra a) do artigo 2 da Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro, pola que se regulan os procedementos e as condicións xerais para a presentación de determinadas autoliquidacións, declaracións informativas, declaracións censuais, comunicacións e solicitudes de devolución, de natureza tributaria.

Artigo 4. Habilitación, condicións xerais e procedemento para a presentación electrónica pola internet do modelo 151 de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas do réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español.

1. A presentación electrónica pola internet das declaracións correspondentes ao modelo 151 efectuarase con suxeición á habilitación e ás condicións do artigo 6 da Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro, e de acordo co procedemento establecido nos artigos 7 a 11 desa mesma orde.

2. Cando se trate dunha declaración con resultado para ingresar e se pretenda realizar o pagamento mediante domiciliación bancaria, esta poderase realizar desde o inicio do prazo ata o 25 de xuño.

Artigo 5. Procedemento para a presentación electrónica pola internet de documentación complementaria á declaración modelo 151.

Cando os contribuíntes deban xuntar á declaración calquera documentación, solicitudes ou manifestacións de opcións non recollidas expresamente no propio modelo de declaración, a dita documentación presentarse por vía electrónica consonte o procedemento establecido no artigo 18 da Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro.

Artigo 6. *Aprobación do modelo 149 de comunicación da opción, da renuncia a ela, da exclusión ou da fin do desprazamento, do réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español.*

Apróbase o modelo 149 «Imposto sobre a renda das persoas físicas. Réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español. Comunicación da opción, da renuncia, da exclusión ou da fin do desprazamento», que figura como anexo II da presente orde.

Artigo 7. *Ámbito subxectivo, prazo de presentación e documentación que se debe xuntar coa comunicación modelo 149.*

1. Os contribuíntes que desexen exercer a opción de tributar polo réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español a que se refire o artigo 93 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, deberán utilizar o modelo de comunicación 149 aprobado no artigo anterior. Para iso, deberán estar incluídos no censo de obrigados tributarios. En caso contrario, solicitarán previamente a alta no dito censo mediante a presentación da declaración censual correspondente.

Conforme establece o artigo 119.1 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, deberásele xuntar á comunicación da opción a seguinte documentación:

a) Cando se inicie unha relación laboral, ordinaria ou especial, ou estatutaria cun empregador en España, un documento xustificativo emitido polo empregador en que se exprese o recoñecemento da relación laboral ou estatutaria co contribuínte, na data de inicio da actividade que conste na alta na Seguridade Social en España, o centro de traballo e o seu enderezo, así como a duración do contrato de traballo.

b) Cando se trate dun desprazamento ordenado polo seu empregador, copia da carta de desprazamento do empregador, así como un documento xustificativo emitido por este en que se exprese a data de inicio da actividade que conste na alta na Seguridade Social en España ou na documentación que permita, de ser o caso, o mantemento da lexislación de Seguridade Social de orixe, o centro de traballo e o seu enderezo, así como a duración da orde de desprazamento.

c) Cando se trate de desprazamentos como consecuencia da adquisición da condición de administrador dunha entidade, un documento xustificativo emitido pola entidade en que se exprese a data de adquisición da condición de administrador e que a participación do contribuínte na entidade non determina a condición de entidade vinculada nos termos previstos no artigo 18 da Lei do imposto sobre sociedades.

A comunicación da opción presentarase no prazo máximo de seis meses desde a data de inicio da actividade que conste na alta na Seguridade Social en España ou na documentación que permita, de ser o caso, o mantemento da lexislación da Seguridade Social de orixe, segundo dispón o artigo 116.1 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

A oficina xestora competente, á vista da comunicación da opción presentada e da documentación anexa, expedirá ao contribuínte, se procede, no prazo máximo dos dez días hábiles seguintes ao de presentación da comunicación, un documento acreditativo de ter exercido a opción por este réxime especial, conforme o modelo que figura como anexo III.

2. A comunicación da renuncia á aplicación do réxime especial realizarase tamén mediante a presentación do modelo 149.

Á comunicación da renuncia xuntaráselle a copia selada da comunicación de datos ao redor prevista no artigo 88 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, como establece o artigo 117.2 do dito regulamento.

A comunicación da renuncia presentárase durante os meses de novembro e decembro, conforme dispón o artigo 117.1 do citado regulamento.

3. A comunicación da exclusión do réxime especial realizarase igualmente mediante a presentación do modelo 149.

A comunicación da exclusión presentárase no prazo dun mes desde o incumprimento das condicións que determinaron a aplicación do réxime, segundo dispón o artigo 118.2 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

4. Así mesmo, cando o contribuínte finalice o seu desprazamento a territorio español sen perder a residencia fiscal en España no dito exercicio, utilizarase o modelo 149 para comunicar a finalización do desprazamento para efectos de que non se entendan obtidos durante a aplicación do réxime especial os rendementos que deriven dunha actividade desenvolvida con posterioridade á data de presentación da comunicación.

Esta comunicación presentárase no prazo dun mes desde que finalizase o desprazamento a territorio español, conforme establece o artigo 119.3 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Artigo 8. *Formas de presentación da comunicación modelo 149.*

A comunicación modelo 149, axustada ao modelo aprobado por esta orde, presentárase de forma electrónica a través da internet, de acordo co previsto na letra a) do artigo 19 da Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro.

Artigo 9. *Habilitación, condicións xerais e procedemento para a presentación pola internet da comunicación modelo 149.*

1. A presentación electrónica pola internet da comunicación modelo 149 efectuarase con suxeición á habilitación e ás condicións do artigo 20 da Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro, e de acordo co procedemento establecido no artigo 21 desa mesma orde.

Artigo 10. *Procedemento para a presentación electrónica pola internet de documentación complementaria á comunicación modelo 149.*

Cando os contribuíntes xunten á comunicación a documentación que se indica no artigo 7 desta orde e, en xeral, calquera documento, solicitude ou manifestación, a citada documentación presentárase por vía electrónica a través da internet consonte o procedemento establecido no artigo 18 da Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro.

Artigo 11. *Prazo de presentación da comunicación de datos do perceptor de rendas do traballo ao seu pagador, modelo 145, no suposto de exclusión do réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español.*

Cando, conforme o artigo 118.3 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, se comunique ao redor a exclusión do réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español por incumprimento dalgunha das condicións determinantes da súa aplicación, o prazo de dez días a que se refire o segundo parágrafo do artigo 88.4 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas contarase desde que finalice o prazo dun mes previsto no artigo 118.2 dese mesmo regulamento para a comunicación da exclusión á Administración tributaria.

Disposición transitoria primeira. *Opción polo réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español conforme a redacción da normativa en vigor en 31 de decembro de 2014.*

Os contribuíntes que se desprazasen a territorio español con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015 poderán optar por aplicar o réxime especial previsto no artigo 93 da Lei 35/2006 conforme o disposto no citado artigo e, de ser o caso, na disposición transitoria décimo sétima da dita lei, na súa redacción en vigor en 31 de decembro de 2014, e

deberán manter esta opción ata a finalización da aplicación do réxime especial. Para exercer a opción deberán presentar a declaración do imposto correspondente ao exercicio 2015 no modelo 150, modelo que se seguirá utilizando ata a finalización da aplicación do réxime.

Disposición transitoria segunda. *Forma de presentación ata o 31 de xaneiro de 2016 do modelo 149 de comunicación da opción, da renuncia, da exclusión ou da fin do desprazamento do réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español.*

Ata a dita data as comunicacións presentaranse utilizando os modelos de comunicación, imprimibles e formalizables, que estarán dispoñibles na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria na internet, www.agenciatributaria.es, e presentaranse xunto coa documentación que se deba achegar en cada caso, de acordo co disposto no artigo 7 desta orde, presencialmente nas oficinas de rexistro da Axencia Estatal de Administración Tributaria, ou ben por correo certificado, dirixidas á delegación ou administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao domicilio fiscal do contribuínte, ou á Unidade de Xestión de Grandes Empresas da correspondente delegación especial da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou á Delegación Central de Grandes Contribuíntes, no suposto de contribuíntes adscritos a elas.

Así mesmo, serán válidas, para efectos do disposto na letra a) do artigo 114.2 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, as comunicacións de finalización do desprazamento a territorio español efectuadas polos contribuíntes que finalicen o seu desprazamento sen perderen a residencia fiscal en España no dito exercicio, realizadas con anterioridade á data de entrada en vigor da presente orde mediante a presentación dun escrito.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

A partir da entrada en vigor da presente orde quedan derogados os artigos 6 e 7, así como os anexos IV e V, da Orde EHA/848/2008, do 24 de marzo, pola que se aproban o modelo 150 de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas para contribuíntes do réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español, así como o modelo 149 de comunicación para o exercicio da opción por tributar polo dito réxime e se modifican outras disposicións en relación coa xestión de determinadas autoliquidacións.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde EHA/848/2008, do 24 de marzo, pola que se aproban o modelo 150 de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas para contribuíntes do réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español, así como o modelo 149 de comunicación para o exercicio da opción por tributar polo dito réxime e se modifican outras disposicións en relación coa xestión de determinadas autoliquidacións.*

A Orde EHA/848/2008, do 24 de marzo, pola que se aproban o modelo 150 de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas para contribuíntes do réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español, así como o modelo 149 de comunicación para o exercicio da opción por tributar polo dito réxime e se modifican outras disposicións en relación coa xestión de determinadas autoliquidacións, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o título da orde, que quedará redactado como segue:

«Orde EHA/848/2008, do 24 de marzo, pola que se aproba o modelo 150 de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas para contribuíntes do réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español, vixente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, e se modifican outras disposicións en relación coa xestión de determinadas autoliquidacións.»

Dous. Modifícanse a denominación e o número 1 do artigo 1, que quedarán redactados como segue:

«Artigo 1. *Aprobación do modelo 150 de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas do réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español vixente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015.*

1. Apróbanse o modelo de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas do réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español, vixente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, e o documento de ingreso ou devolución, consistentes en:

a) Modelo 150 «Imposto sobre a renda das persoas físicas. Réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español vixente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015», que se reproduce no anexo I da presente orde.

b) Documento de ingreso ou devolución da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas do réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español vixente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, que se reproduce no anexo II da presente orde. O número de xustificante que deberá figurar neste documento será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos se corresponderán co código 150.»

Tres. Modifícase o artigo 2, que quedará redactado como segue:

«Artigo 2. *Obrigados a presentar o modelo 150 de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas do réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español vixente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015.*

Os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que se desprazasen a territorio español con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015 e opten por aplicar o réxime especial previsto no artigo 93 da Lei 35/2006, na súa redacción en vigor en 31 de decembro de 2014, estarán obrigados a presentar e subscribir o modelo 150 de declaración aprobado no artigo 1 desta orde ata a finalización da aplicación do réxime.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro, pola que se regulan os procedementos e as condicións xerais para a presentación de determinadas autoliquidacións, declaracións informativas, declaracións censuais, comunicacións e solicitudes de devolución, de natureza tributaria.*

A Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro, pola que se regulan os procedementos e as condicións xerais para a presentación de determinadas autoliquidacións, e declaracións informativas, declaracións censuais, comunicacións e solicitudes de devolución, de natureza tributaria, queda modificada como segue:

«Un. Inclúese o modelo 151 “Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas. Réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español” na relación de autoliquidacións a que se refire o do artigo 1.2 da Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro.

Dous. Inclúese o modelo 149 “Imposto sobre a renda das persoas físicas. Réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español. Comunicación da opción, da renuncia, da exclusión, ou da fin do desprazamento”, na relación de comunicacións a que se refire o artigo 1.4 da Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Orde EHA/2027/2007, do 28 de xuño, pola que se desenvolve parcialmente o Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, en relación coas entidades de crédito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

A Orde EHA/2027/2007, do 28 de xuño, pola que se desenvolve parcialmente o Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, en relación coas entidades de crédito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, queda modificada como segue:

«Un. No anexo I, código 021-Autoliquidacións, inclúese o seguinte modelo de autoliquidación:

Código de modelo: 151.

Denominación: “Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas. Réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español vixente desde o 1 de xaneiro de 2015”.

Período de ingreso: 0A.

Dous. No anexo VI, “Modelos de autoliquidación cuxo resultado sexa unha solicitude de devolución e xestionables a través de entidades colaboradoras”, inclúese:

Código de modelo: 151.

Denominación: “Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas. Réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español”.

Período de ingreso: 0A.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Orde EHA/1658/2009, do 12 de xuño, pola que se establecen o procedemento e as condicións para a domiciliación do pagamento de determinadas débedas cuxa xestión ten atribuída a Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

A Orde EHA/1658/2009, do 12 de xuño, pola que se establecen o procedemento e as condicións para a domiciliación do pagamento de determinadas débedas cuxa xestión ten atribuída a Axencia Estatal de Administración Tributaria, queda modificada como segue:

«Un. No anexo I, “Relación de modelos de autoliquidacións cuxo ingreso pode ser domiciliado a través das entidades colaboradoras da Axencia Estatal de Administración Tributaria”, engádese o seguinte modelo:

Código de modelo: 151 “Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas. Réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español”.

Dous. No anexo II, “Prazos xerais de presentación telemática de autoliquidacións con domiciliación de pagamento”, introdúcese a seguinte modificación:

Engádense o modelo 151 e o prazo correspondente a este:

Código modelo: 151. Prazo: desde o inicio do prazo ata o 25 do mes de xuño.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Orde HAP/1136/2014, do 30 de xuño, pola que se regulan determinadas cuestións relacionadas coas obrigacións de información e dilixencia debida establecidas no Acordo entre o Reino de España e os Estados Unidos de América para a mellora do cumprimento fiscal internacional e a aplicación*

da Lei estadounidense de cumprimento tributario de contas estranxeiras, e se aproba a declaración informativa anual de contas financeiras de determinadas persoas estadounidenses, modelo 290.

Substitúese o anexo da Orde HAP/1136/2014, do 30 de xuño, pola que se regulan determinadas cuestións relacionadas coas obrigacións de información e dilixencia debida establecidas no Acordo entre o Reino de España e os Estados Unidos de América para a mellora do cumprimento fiscal internacional e a aplicación da Lei estadounidense de cumprimento tributario de contas estranxeiras e se aproba a declaración informativa anual de contas financeiras de determinadas persoas estadounidenses, modelo 290, polo que aparece no anexo IV da presente orde.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante o anterior:

- a) O modelo 151 «Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas. Réxime especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español» utilizarase por primeira vez para a presentación da declaración correspondente ao período impositivo 2015.
- b) As formas de presentación da comunicación modelo 149 a que se refire o artigo 8 desta orde serán aplicables desde o 1 de febreiro de 2016.
- c) As modificacións introducidas respecto ao modelo 290 de contas financeiras de determinadas persoas estadounidenses aplicaranse por primeira vez na declaración correspondente ao exercicio 2015.

Madrid, 21 de decembro de 2015.–O ministro de Facenda e Administracións Públicas, Cristóbal Montoro Romero.

N.I.F.	Apellidos	Nombre	Página 2
--------	-----------	--------	-----------------

A) Rendimientos y rentas imputadas a integrar en la base liquidable general

Importante: Agrupe en un mismo apartado los rendimientos positivos en los que coincida la misma "clave de tipo de renta" y "naturaleza" y tratándose de rendimientos de trabajo, además, que procedan del mismo pagador.

Los rendimientos positivos y rentas imputadas derivadas de bienes inmuebles deberán declararse de forma separada por cada bien inmueble con la misma "clave tipo de renta" y misma "naturaleza".

Tipo de renta	1	Naturaleza	2	
Retribuciones en especie:				
